



Goretti Sanmartín Rei (coordinadora) / Ana Isabel Martínez Fernández / Iván Méndez López / María Luísa Pita Rubido / Marisol Ríos Noia: *Criterios para o uso da lingua galega*, A Coruña, Servizo de Publicacións da UDC, 2006, 152 páxinas.

Goretti Sanmartín Rei (coordinadora) / Ana Isabel Martínez Fernández / Iván Méndez López: *Sobre a calidade da nosa lingua*, A Coruña, Servizo de Publicacións da UDC, 2006, 120 páxinas.

Temos perante nós dúas obras de indubitábel actualidade e interese con que o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña se suma, de maneira firme e comprometida, ao camiño iniciado pola Universidade de Santiago de Compostela en finais da década de 90 coa guía electrónica *Mellorando os servizos. Como ti queres. Criterios lingüísticos* (Núñez Singala 1997) e continuado pola Universidade de Vigo en data recente con *Lingua Galega. Criterios lingüísticos* (Rodríguez Rodríguez / Davila Ventura, 2003), ambas as obras realizadas polos servizos de normalización das respectivas institucións académicas.

O Servizo de Normalización da UDC, tantos anos reducido a labores de corrección e tradución, recibiu un impulso e unha renovación importantes coa incorporación na súa dirección da profesora Goretti Sanmartín Rei en marzo do 2004 (relevada recentemente polo profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato), cuxo compromiso e firme defensa da lingua ficou patente na mudanza de rumbo que se observou no Servizo: novas publicacións, estudos, organización de cursos e xornadas etc. Estas actividades non só propiciaron un maior coñecemento da existencia deste organismo, mais tamén fomentaron unha participación máis activa de todos os membros da comunidade universitaria (alumnado, profesorado, PAAS etc) nos eventos desenvolvidos por este centro.

Deste xeito, as dúas obras que comentamos aquí non pretenden ser só guías sobre o uso da lingua galega no ámbito universitario, senón que se insiren nunha corrente de reflexión sobre o noso idioma que pretende superar a consideración do Servizo de Normalización Lingüística como un simple servizo de corrección e tradución, que era basicamente o papel que viña desenvolvendo (por diversos motivos) até ao inicio da súa nova andaina, e que pretende erixirse igualmente como fonte emanadora de ideas e actividades para fomentar o uso do galego e mellorar a súa calidade. Téndonos en conta que estamos situados no contexto universitario,

un dos ámbitos que se supón máis culto da sociedade, a procura da calidade do galego é un obxectivo primordial para o servizo. A fase de que o importante era o uso da lingua parece xa estar ultrapasada a estas alturas: agora situámonos na procura da clareza e unicidade do idioma, coa ollada posta en darnos unha imaxe de prestixio e cohesión da lingua da nación en todos os ámbitos, partindo en particular do universitario.

Neste sentido, son estas obras dous instrumentos básicos de cara a conseguirmos ese modelo unificado e homoxéneo, evitando as diverxencias provocadas polo feito de non contar cunha guía común, feito que propiciaba que cada persoa escribise ao seu xeito. Así, o primeiro dos libros, *Criterios para o uso da lingua*, é a primeira achega para ese obxectivo e é estruturada en 6 capítulos (máis un apartado de citacións e referencias bibliográficas e outro da bibliografía empregada), onde se tratan temas básicos como maiúsculas e minúsculas, os signos de puntuación, as formas de tratamento, as abreviacións, unha interesante e necesaria proposta de emprego de nomes propios e outro sobre o emprego de linguaxe non sexista. Alén diso, conta con sete interesantes anexos que comentaremos máis adiante. De todas estas epígrafes, sen menosprezar o interese das restantes, destacamos dúas: o referido aos nomes propios e o que se centra nun uso non sexista da linguaxe. No primeiro caso, é evidente que até o momento, o emprego de nomes propios (tanto na antroponimia como na toponimia) está, en xeral, nunha situación de descontrol e de falta de criterios claros para a súa correcta utilización. As dúbidas sobre como escribir, por exemplo, os nomes da toponimia non galega ou os nomes persoais de orixe foránea, engadidas aos frecuentes erros en adaptacións de nomes de orixe non latino, son cuestións que podemos observar a cotío en escritos de diversos ámbitos. Parécenos un contributo moi importante as indicacións que nesta obra se fan a este respecto, destacando a separación no seu tratamento entre toponimia galega, toponimia non galega, nomenclatura urbana e nomes e apelidos.

De vital importancia e de consulta asidua ten de ser o apartado “O emprego de linguaxe non sexista”. Máis unha vez, o Servizo de Normalización Lingüística da UDC recolle unha das necesidades da nosa sociedade a prol da igualdade, a cal, a pesar de predicar a equiparación de homes e mulleres, segue a manter en certos ámbitos usos claramente sexistas. Deste xeito, se a linguaxe crea realidade é evidente que se deben mudar certos aspectos desa linguaxe misóxina para conseguir un idioma o máis paritario e neutro posíbel. Consecuentemente, dáenos unha serie de regras xerais fundamentalmente centradas en dous aspectos: casos en que nos referimos a un colectivo composto por homes e mulleres e casos en que nos referimos a unha única persoa. Resulta moi ilustrativa a listaxe ofrecida de posíbeis mudanzas coa finalidade de conseguir esa linguaxe neutra; por exemplo, o uso de *a adolescencia* (e non *os adolescentes*) ou *a dirección do centro* (e non *o director do centro*) etc. Esta exemplificación clarifica que non se debe abusar de *ola*, *oslas*

ou do símbolo @, para lle non restar claridade e comprensión ao texto, e que se ten de facer uso doutros recursos e expresións do idioma.

Dixemos anteriormente que a obra conta con sete anexos referidos fundamentalmente ás epígrafes tratadas. Así, temos os seguintes apéndices: abreviaturas máis empregadas, abreviaturas de tratamento, relación dos topónimos máis habituais fóra do Estado español, relación dos topónimos máis frecuentes do Estado español, relación de siglas e acrónimos máis comúns e relación de siglas dos centros e das titulacións académicas. Sería difícil escollerlos entre todos o que nos pode resultar máis útil, pois cada un deles ten a súa praxe concreta e, no seu conxunto, ofrecen unha serie de exemplos claros do que se tratou con anterioridade. Mais coidamos que merecen unha mención especial os dous apéndices relacionados coa toponimia, tema espiñento e que aínda hoxe non conta cun criterio estábel de utilización dentro da nosa comunidade lingüística. Obviamente, as regras aquí expostas poderían ser perfectamente o inicio dunha futura orientación común neste ámbito, cuestión que coidamos de urxente elaboración.

Sobre a calidade da nosa lingua pode ser considerado como unha continuación do libro anterior, no aspecto de que o complementa e o segue, mais baixo unha perspectiva máis estilística. Se o primeiro volume está preferencialmente orientado cara á fixación dunha linguaxe administrativa e das formas máis frecuentes nos escritos institucionais, este céntrase na corrección dos erros máis comúns e dá recomendacións de estilo, potencia trazos propios e diferenciais do galego e desbota as típicas formas calcadas directamente do español, cuxa linguaxe administrativa foi a usada na Galiza até data moi recente e que segue a interferir unha vez que se pasan a escribir en galego os escritos oficiais. Precisamente, para evitar a volta ao uso do español por complexo de inferioridade, elabóranse obras deste tipo, que ofrecen non só regras, senón tamén aspectos relacionados co estilo, así como abundante exemplificación de formas incorrectas ou desbotábeis e as súas correspondentes en galego, co obxectivo de que o contraste entre a forma correcta e a incorrecta axude a comprender que o galego non ten por que calcar directamente todas esas expresións administrativas e burocráticas do español. Deste xeito, debido ao uso exclusivo dun idioma foráneo no noso ámbito administrativo, non só as persoas que escribían e falaban por primeira vez en galego, mais tamén aquelas que tiñan como primeira lingua o galego, sentían que o seu idioma non parecía valer para esas funcións: non sabían como se expresaren neses ámbitos na súa propia lingua e limitábanse a se inspiraren no español ou continuaren a empregar este idioma. Mais agora, con estes dous libros, secundarízase con moito esa complexa problemática.

A obra, cuantitativamente menor que a primeira, mais cualitativamente similar, é estruturada en dous grandes apartados. O primeiro deles céntrase nas principais modificacións normativas, onde se fai un breve repaso polas últimas mudanzas no

idioma e pola necesidade de contarmos, por fin, cunha normativa unificada e consensuada por unha grande parte dos sectores que teñen unha implicación directa coa lingua; tamén se expón un pequeno resumo esquematizado das principais alteracións e posibilidades que contempla a última revisión aprobada pola Real Academia Galega en 2003. O segundo capítulo, de maior extensión e desenvolvemento, trata bastante pormenorizadamente as dúbidas e os erros gramaticais máis frecuentes, con seis grandes subapartados: o nome, o pronome, o verbo, o adverbio, a preposición e a conxución. Por outra banda, ao igual que acontecía no primeiro volume, non podemos deixar de facer referencia aos apéndices que tamen aquí aparecen e non superfluamente; corresponden a dous anexos cunha relación das formas incorrectas máis habituais, así como de locucións e frases feitas, seguindo o modelo de pór a forma incorrecta e a correcta en contraste, coa finalidade de que, recoñecendo a incorrecta, o público lector sexa máis consciente de onde está a errar. O apéndice conta con arredor de mil formas, número que consideramos máis que suficiente nunha obra destas características.

Parécenos moi importante destacar que case todo o *corpus* de exemplificación das dúas obras provén de documentos reais que chegan ao Servizo diariamente para a súa corrección. Precisamente, en ocasións, a pouca calidade lingüística deses textos e os abondosos erros motivaron consciencia de elaborar algún tipo de obra de autoformación, un instrumento accesíbel e de doado manexo para todos os membros da comunidade universitaria, para estes poderen por si propios complementaren a súa (in)formación e autocorrixírense. Deste xeito, sen deixar apartado o labor de tradución e de corrección, o Servizo de Normalización Lingüística da UDC poderá dedicarse máis a outras actividades de dinamización, as grandes ausentes na anterior etapa dese organismo. Por tanto, é un material fundamentalmente práctico e didáctico, sen grandes doses de teoría, máis centrado en casos prácticos, que posibelmente enformen a mellor maneira de visualizar os erros cara á súa corrección en aras dunha mellora da calidade do noso idioma.

Enfocadas inicialmente estas dúas guías cara ao persoal da Universidade da Coruña, é evidente que a súa existencia será de moita axuda para outros usuarios: colectivos doutras universidades, funcionariado que utilice a linguaxe administrativa e, en xeral, todas as persoas que quixeren mellorar o seu galego. Neste sentido, o feito de non estar dirixido a xente altamente cualificada e formada gramaticalmente parécenos un éxito importante. De aí a súa claridade, síntese e esquematismo, sen afondar demasiado en cuestións teóricas. Ao fin e ao cabo, non só son os profesionais cualificados os que fan uso do idioma, xa que, polo contrario, a xente que quere e que desexa mellorar o seu galego se estende por todos os ámbitos da nosa sociedade. Por iso é que se xustifica a necesidade dunha obra destas características e, de feito, unha mostra deste interese é a circunstancia de seren xa publicadas as dúas obras na segunda edición debido ao esgotamento da primeira.

Agradecemos ás persoas responsábeis dos dous libros (Ana Isabel Martínez Fernández, Iván Mendez López, M^a Luisa Pita Rubido e Marisol Ríos Noia) e, como non, á súa coordinadora, Goretti Sanmartín Rei, o traballo e o interese demostrado pola publicación destes traballos. Tamén damos os nosos parabéns ao Servizo de Normalización Lingüística da UDC por todas as actividades desenvolvidas e o pulo que lle levan dado a ese centro nos últimos tempos, coa seguranza de que continuarán a desenvolver un labor de vital importancia para a consolidación e normalización do idioma, co mesmo esforzo e compromiso que están a demostrar. E agardamos non tardar moito en vermos como se unen os esforzos dos servizos de normalización lingüística das tres universidades galegas para elaboraren conxuntamente uns criterios comúns para toda a comunidade universitaria da Galiza, co obxectivo de sermos unha única forza no camiño, por desgraza aínda non concluído, da normalización e normativización da lingua.

Laura Mariño Taibo
Universidade da Coruña

Referencias bibliográficas

Rodríguez Rodríguez, A. / Davila Ventura, M. (2003): *Lingua Galega. Criterios lingüísticos* (Vigo: Universidade de Vigo)

Núñez Singala, M. (coord.) (1997): *Mellorando os servizos. Como ti queres. Criterios lingüísticos* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela). (esgotada). Formato dixital:

<http://www.usc.es/snl/asesora/fundamentos/criterios/criterios.htm>

Para ver os modelos de documentos:

<http://www.usc.es/snl/asesora/modelosdocumentais/presentacion.htm>